

ACORDOS
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 28 DE SETEMBRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 14.00 horas, do día vinte e oito de setembro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctl.:

D. Alfonso Garcia Ferreira

ORDE DO DIA

1. APROBACION ACTA ANTERIOR. -
2. INSPECCION PERIÓDICA DE ASCENSORES. -
3. AFORRO ENERXÉTICO EN ILUMINACIÓN PÚBLICA.-
4. SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN ECONOMICAS DAS SOCIEDADE DE CAZA TORDOIA E VILA DE ABADE.-
5. COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DE LICENZA DE BAR 'O CHIQUITO' SOLICITADA POR D.O.H.V..-
6. APROBACIÓN DE FACTURAS.-
7. CERTIFICAÇÃO Nº 4 E FINAL DA OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa - ABOI E OUTROS (CONVENIO Nº 102/2015 DEPUTACION DA CORUÑA CONCELLO DE TORDOIA).-
8. LICENCIA DE OBRA SOLICITADA POR M.C.C.C. PARA CONSTRUCCION DE DOUS SILOS FORRAXEIRO EN SANTAIA - GORGULLOS.-
9. SOLICITUDE DE P.P.R. PARA INSCRICION DE A.P.P. NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-
10. ESCRITO DE P.P.S. COMUNICANDO A RENUNCIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA.-
11. SOLICITUDE DE M.C.C. PARA AXUDA NO FOGAR. -
12. SOLICITUDES DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-
13. ESCRITO DE E.S.B. SOLICITANDO LOCAL PARA IMPARTIÇÃO DE CURSO INFORMÁTICA.-
14. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACION ACTA ANTERIOR. –

É aprobada a acta da sesión anterior nº 18/2016 que tivo lugar o 15.09.2016.

2. INSPECCION PERIÓDICA DE ASCENSORES. –

Acordos adoptados:

Que sexa ECA Grupo Bureai Veritas quen realice a inspección de 4 ascensores, por un importe unitario de 50 euros por ascensor (IVA e taxa da comunidade autónoma aparte) total 257,56 euros., e que significa unha mellara económica con respecto á presentada anteriormente.

Notifíquese á empresa ofertante.

3. AFORRO ENERXÉTICO EN ILUMINACIÓN PÚBLICA.-

Acordos adoptados:

Aceptar a subvención concedida polo INEGA e proceder ao inicio da contratación para a realización dos proxectos.

4. SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN ECONOMICAS DAS SOCIEDADE DE CAZA TORDOIA E VILA DE ABADE.-

Acordos adoptados:

A concesión dunha subvención económica para cada unha delas fixada na mesma cuantía que en anos anteriores.

5. COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DE LICENZA DE BAR 'O CHIQUITO' SOLICITADA POR D.O.H.V..-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da dita licenza a favor de dona D.O.H.V. para desenvolver a actividade de bar en Pontepedra, - Cabaleiros.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro.- Notificar este acorde ao adquirente.

6. APROBACIÓN DE FACTURAS.-

Son aprobadas por unanimidade dos asistentes para que se abonen con cargo á partida correspondent e do vixente orzamento

Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Nº Registro
163 62300	14762€	BAYGAR, S.L.	F/2016 /1489

454 21000	940,35€	PROBISA PRODUCTOSBITUMINOSOS, S.L.U.	F/2016 /1492
170 21300	1978,35€	REMOLQUES GONZALEZ, S.L.	F/2016/1496
1532 61900	7305,24€	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	F/2016/1501
1532 21000	2275,17€	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	F/2016/1530

7. CERTIFICACIÓN Nº 4 E FINAL DA OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO DA Balsa - ABOI E OUTROS (CONVENIO Nº 102/2015 DEPUTACION DA CORUÑA CONCELLO DE TORDOIA).-

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno dase por informada e acorda dar cumprimento ao sinalado nas cláusulas do convenio citado a fin de xustificar os traballos para recibir a aportación municipal, solicitando da Deputación Provincial a designación dun técnico do organismo público para a recepción da obra.

Realizada a recepción é de ser favorable, deberase incorporar o ben ao Inventario de Bens do Concello de Tordoia, facendo constar os correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante o prazo de cinco anos.

8. LICENCIA DE OBRA SOLICITADA POR M.C.C.C. PARA CONSTRUCCION DE DOUS SILOS FORRAXEIROS EN SANTAIA - GORGULLOS.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a seguinte licenza urbanística con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xerais establecidas nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

a) PROMOTOR: M.C.C.C.

b) SITUACION EMPRAZAMENTO: Santaia · Gorgullos

c) Referencia catastral: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

d) TECNICO AUTOR DO PROXECTO: C.D.T., colexiado XXXX

e) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3º

f) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL: 52.305,21-€

g) ALTURA, SUPERFICIE CONSTRUIDA E OCUPACION DE PARCELA PERMITIDOS: 2,85m ; 25326m²; 3,84%

h) FINALIDADE DE ACTUACIÓN E USO AOQUE SE DESTINARÁ: Construción de dous silos forraxeiros vinculados a explotación existente de gando vacún leiteiro

i) CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO OBXECTO DE ACTUACIÓN: Solo Rústico (LOUPMRG)

j) TITULO PROXECTO: Construción de dous silos forraxeiros vinculados a explotación de gando vacún leiteiro

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acorde coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas.

Quinto.- Deberán terse en conta as condicións indicadas no informe do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña, según o informe técnico do 21.04.2016 e da Resolución declaración de incidencia ambiental do 01.09.2016.

Sexto.- Realizadas as obras obxecto desta licenza DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICADO FINAL DE OBRA e realizar a comunicación previa regulada no artigo 24 e seguintes da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia para comprobación por parte dos servizos técnicos municipais e para que este certifique a veracidade das obras obxecto do proxecto e inspección previa ao exercicio da actividade.

9. SOLICITUDE DE P.P.R. PARA INSCRICIÓN DE A.P.P. NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno Local dase por informada e acorda trasladarlllo á dirección do centro para seguir o procedemento regulado na Ordenanza Municipal.

10. ESCRITO DE P.P.S. COMUNICANDO A RENUNCIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA.-

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno Local, dase por informada e acorda comunicarllo á traballadora social para incorporación da renuncia ao expediente do interesado.

11. SOLICITUDE DE M.C.C. PARA AXUDA NO FOGAR. –

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación e proposta formulada pala traballadora social, acorda conceder o Servizo de Axuda no Fogar de libre concurrencia.

12. SOLICITUDES DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno Local acorda informar favorablemente as peticións e que se lle emitan as tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalidez, conforme a normativa vixente .

13. ESCRITO DE E.S.B. SOLICITANDO LOCAL PARA IMPARTICIÓN DE CURSO INFORMÁTICA.-

Acordos adoptados:

A denegación da aula por non dispar de locais nestes momento e ordenanza que regule a prestación ou cesión de local.

14. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.